

AS NOSAS COUSAS



Revista trimestral do Colexio de Educación Infantil e
Primaria de Galán Oseiro-Arteixo (A Coruña)
Número 34 XUÑO, 2016



GAEL PONTÓN VÁZQUEZ
4º DE INFANTIL



ANA NOVAL SOUTO
2º A DE PRIMARIA



VIII CONCURSO DE NARRACIÓNS BREVES



IAGO CASTRO CANCELO
3º A DE PRIMARIA




NEREA VILLASANTE MECÍAS
6º A DE PRIMARIA



EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA

CEIP GALÁN OSEIRO - ARTEIXO

VISITANDO OURENSE E ALLARIZ



Manuel María Fernández Teixeiro naceu o 6 de outubro de 1929 en Outeiro de Rei, na Terra Chá, en Lugo.

Era fillo de Antonio e Pastora, dous labregos acomodados. Seu pai chegou a ser alcalde da súa localidade.


Comezou os estudos primarios na escola de Rábade, en plena Guerra Civil, e despois preparou o ingreso ao instituto nunha academia de Rábade, onde o mestre aproveitaba as tardes dos sábados para lerlles aos seus alumnos e alumnas libros

en galego. O bacharelato realizouno en Lugo e con 21 anos publicou o seu primeiro libro «*Muiñeiro de brétemas*». Casou con Saleta e foron vivir a Monforte onde Manuel exerceu a profesión de Procurador en Tribunais.

Nesta vila tivo unha extraordinaria actividade cultural e política: traballou na emisora local, deu unha chea de conferencias, abriu a Librería Xistral e a editorial do mesmo nome, especializada en libros en galego, escribiu unha enorme cantidade de libros, participou en moitos movementos sociais e políticos... sendo o poeta galego máis musicado de todos os tempo.

Foi membro numerario da Real Academia Galega.

Polo seu labor a prol da lingua e a cultura galega se lle adicou o Día das Letras deste ano 2016.



No mes de marzo no CEIP Galán houbo unhas actividades un tanto especiais.

Como conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, impartíronse uns obradoiros de igualdade por parte do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Arteixo.

¿Queredes saber o que fixemos?

Pois estivemos nos cursos de 1º e 2º falando de estereotipos e roles de xénero, e preguntándonos ¿hai cousas só de nenos e cousas só de nenas? A verdade é que houbo opinións para todos os gustos, pero en xeral podemos

dicir que a meirande parte do alumnado cre que nenos e nenas temos dereito a elixir con liberdade o que nos gusta facer ou o que queremos ser de maiores. Mirade que collage máis chulos montaron!!!



Namentres en 3º e 4º estivemos traballando o tema da coresponsabilidade, é dicir, se hai un reparto equitativo entre mulleres e homes nas tarefas domésticas e de coidados, e encontrámonos con que se fixéramos unha competición de fórmula un, as nais sempre levarían a medalla de ouro, porque son elas as que seguen a dedicar máis tempo nas tarefas do lar. Así que dende aquí animamos aos pais e demais familia



para que se responsabilicen das súas tarefas, porque «bo-

tar unha man» non é suficiente. Velaquí tendes algúns dos compromisos aos que nenos e nenas deste ciclo de primaria chegaron consigo mesmos/as.


E en 5º e 6º tivemos unhas sesións de moita categoría falando das emocións, sí si, diso que eles e elas definiron como

«os nosos sentimentos». Leducia, tristeza, medo, noxo, enfado, sorpresa ... E moitas máis!!!

Reflexionamos bastante sobre a necesidade de expresar o que sentimos, e se é necesario, pedir axuda á familia e ás amizades cando as emocións están revoltas!!! A rapazada de 5º e 6º aprendeu que as emocións son universais!!

E para rematar, unha cita das que fan pensar:

«Educar a mente sen educar o corazón non é educar en absoluto» (Aristóteles).



**PABLO
PEDREIRA,
PROFESOR ED.
INFANTIL**

O MAPA DO TESOURO

Investigar non é fácil, iso está claro. Aínda que tentes saber máis sobre algo que forma parte da túa realidade, as respostas ás preguntas que che fas escápanse entre os teus dedos coma se fose area. Coñecer como aprendemos a ler por exemplo, algo cotián, que todo o mundo sabe facer, non é sinxelo. Sabemos que lemos pero... Como chegamos a facelo? Cando te fas estas preguntas buscas nos libros as respostas, les.



Pero en ocasións, as respostas non están nos libros ou están

incompletas, coma se faltase un anaco de mapa do tesouro e tes que ser ti mesmo o que tente descubrir e completar ese mapa pero... Como facelo? A resposta a esta pregunta resultou máis sinxela do que en principio parecía: Coa axuda dos nenos e nenas. Colexio tras colexio, neno a neno, nena a nena, resposta a resposta, o mapa do tesouro foise completando e a solución empezou a debuxarse.



Vós, como alumnado do CEIP Galán, coa vosa axuda, contribuístes a que o misterio de como aprendemos a ler sexa agora menos misterio e os docentes empecemos a coñecer como axudar a que desenvolvedes esta habilidade mellor. Moitas Grazas!

**TRIANA
RODRÍGUEZ, 1ºB
JAZMIN KWIST**

O ACCIDENTE DE IAN

Había unha vez uns nenos que estaban na súa clase de ximnasia xogando ao pillla pillla.

De súpeto un neno chamado Ian tropezou e mancou moito a súa perna. Os seus amigos, Sabela, Miguel e Iago correron a ver se estaba ben, entón Ian alegrouse moito.

A súa profesora Pili deulle un premio por non chorar e ser moi valente: un paquete de gominolas que Ian compartiu cos seus amigos.

Ao saír do cole foron xuntos Sabela, Miguel, Iago e Ian a xogar ao parque e divertíronse moito.



Somos moi bos
traballamos en equipo,
non nos pelexamos,
sempre estamos unidos.


Facémolo moi ben
xogando na pantalla
bandeira rosa e bandeira azul
escribindo na pizarra.

Coñecemos a Manuel Murguía,
bailamos con Manuel María
fixemos un cadro en Belas Artes
e un mural de Rosalía.

Aprendemos moitas cousas
na clase con Mari
facemos moita plástica
con distintos materiais.

Mari é fantástica
e nós tamén.
Gústanos Plickers
e ir de excursión.

Queremos mellorar xogando,
practicando e traballando.
Adeus a todo o colexio.
Vémonos para outro ano!



ANXO
BARREIRO, 3º C
SUSO
BARREIRO

PON O CINTO!

DEBUXO: LAURA ESMORÍS BECERRA, 4º A

Érase unha vez un home millona-
rio que mercou un Ferrari.
Con el facía carreiras e sempre,
sempre corría sen poñer o cinto
nin o casco e iso que sempre
lle avisaban de que era moi
perigoso pero el sempre
seguía sen facer caso das
advertencias dos demais
e botábase a rir.

Ata que un día nunha ca-
rreira chocou e estrompou o na-
riz e os dentes e dende aquel día nunca
máis fixo falta avisalo.

Agora os que rín son os compañeiros porque a el
dálle vergoña rir sen dentes.



SHEILA ARES
ESPAÑA, 1º B
SONIA ESPAÑA
LÓPEZ

O PEIXE E O GOLFIÑO

DEBUXO: IRIA GAVILÁN GONZÁLEZ, 4º C



Había unha vez un peixe e un golfiño.
Eran moi amigos e tiñan unha
casiña moi bonita e vivían os
dous xuntos.

O golfiño tiña 29 anos e o peixe
tiña 22 anos e chamábanse Alex
e Hugo.

Por fin chegou o día. Ana está moi contenta porque vai pasar o día co seu amigo Manolo.

El vive nunha aldea perto da Coruña e sempre lle conta historias fascinantes.

Cando chegou xa a estaba agardando para ir sacar auga do pozo, iso era

algo que a ela lle gustaba moito: botar o caldeiro e coa axuda de Manolo, subilo cheo de auga tirando dunha corda.

Pero o que máis lle gustaba era que Manolo lle contase historias das árbores e plantas que había arredor da casa.



-Sabes Ana? Contaba sempre o meu avó que a fiqreira florecía por única vez a noite de San Xoán, ás doce da noite, e quen subía á árbore e conseguira esa flor, sería rico e feliz para sempre.

Tamén lle ensinou a súa «colección» de plantas medicinais.

-Mira, esta é a herba luísa, moi boa para relaxarse e para a boa dixestión; o romeu, para cando estou canso ou para dar-me unha fregas para a reuma; a herba de San Xoán, para as queimaduras; a menta, para facer ricas infusións... Xa ves que temos herbas para todo. Así estou eu: forte coma un carballo! E botouse a rir.

Ana escoitaba entusiasmada, non lle chegaba a hora para contarlle a seus pais todo o que lle ensinara o seu gran amigo.

De camiño a casa, ía pensando... Será verdade o da flor da figueira?

-E vós, que pensades?

**AROA PONTÓN
VÁZQUEZ, 2º A
SANDRA
PONTÓN**

QUERÍA SER POESÍA...

DEBUXO:

O motivo principal de querer participar no certame do Galán e levarme o agasallo que dan ano tras ano.

Pensei en facer unha poesía adicada a Manuel María. Un creador de versos, nado en Monforte de Lemos.

Miña nai buscou en Internet. Consequimos información a oito deste home singular, que con Saleta foi casar e a Coruña veu traballar.

Pero ser un poeta non é cousa sinxela. E como as rimas non saían e a miña nai case quencía decidimos rematar esta ofrenda.

E que mellor broche final que unha frase do homenaxeado que todos deberíamos lembrar:

«NUNCA TE RINDAS, TI SEMPRE PODES»



MANUEL MARÍA

NACEU EN OUTEIRO DE REI, LUGO, O 6 DE OUTUBRO DE 1929.

É FILLO DE DOUS LABREGOS: ANTONIO FERNÁNDEZ E PASTORA TEIXEIRO. TAMÉN TIVO TRES IRMÁNS.

O SEU PRIMEIRO LIBRO DE POEMAS EDITOUNO EN 1950: «MUIÑEIRO DE BRÉTEMAS»

DEBUXO E TEXTO: ISABEL ROIBAL, 5º B

Esta é a historia da fada Avelina, a fada máis trapalleira que conto viu neste mundo. Nunca lle saía nada ao dereito e os seus feizos poucas veces acababan como deberían.

Por todos cantos contos pasou deixou as súas pegadas. En certa ocasión mandárona a cubrir as vacacións da fada de Cincenta, diso hai xa anos e aínda seguen arranxando a desfeita que montou.

Converteu cabalos en ratos. Un pobre rato case espicha despois de que Avelina o convertira nunha carroza. Os zapatos fíxos de vidro no canto de cristal e rachaban ao poñelos. O vestido de Cincenta era feo con ganas e para rematar, trabucouse de conto e convertiu ao príncipe en sapo.

Todo o conto quedou tan revoltado que durante moito tempo non se lle podía contar aos nenos sen que romperan a chorar a bágoa viva.

Chegou a un punto en que a Asociación de Fadas de Conto xa non sabía onde mandala, nin que facer con ela, xa non quedaba conto por onde non pasara e en todos lle fora mal.

Avelina pasou anos sen traballar e mesmo pensou en que non volvería a facelo. Aos poucos foi esmorecendo e envellecendo con tristura.

Chegou un tempo en que foron aparecendo uns contos moi raros: «Tiana e o sapo», «Un conto ao revés», «Shrek»... mesmo parecían feitos para Avelina.

Un príncipe que xa está convertido en sapo non pode ir a peor, unha princesa que xa é fea só pode mellorar e se o conto xa está revoltado... que máis pode pasar?

Voveron chamar a Avelina e durante anos foi feliz traballando neste tipo de contos. Hoxe Avelina xa está retirada, pero de cando en vez aínda goza facendo pequenas aparicións nalgúns destes contos raros.



Por aí vai correndo o meu compañeiro de xogos Kuman. Un can de cor negra e que a min, que xa vou cumprir dez anos, parécese-me un cabaliño polo grande que é.

Estamos a mediados do mes de marzo e vai un tempo de primavera, sol, calor...

estamos en Culleredo, acabamos de chegar un grupo de adultos, un can e máis eu, Laura.

Vimos pasar un finde rural a esta casa. Todos os anos pasamos un finde xuntos. A casa é moi bonita e moi grande, e o mellor de todo é que hai unha colchoneta, un bambán e un campo enorme con dúas porterías... acabaremos xogando ao fútbol!

Isto sucedía o venres cando chegamos e nos puxemos cómodos e mentres preparabamos todo deunos a hora de cear.

Kuman e eu fixemos un recoñecemento do terreo e da casa... Sorpresa! Hai máis cans e temos que ter coidado co meu amigo para que non escape.



Cea rica e, despois de xogar ás cartas, ímonos deitar.

Por fin é sábado. Almorzo e saio xogar con Kuman. Os maiores xogan con nós, recollen a casa e descansan escoitando música, xogando á wii e lendo.

Todos os anos facemos churrasco para comer ao soliño e, aproveitando que hai un campo moi grande xogamos ao fútbol.

O mellor xogador foi o can que é o que máis come, tamén é verdade, que rompeu cos dentes un par de pelotas. Ten uns cairos enormes e coa emoción.. plaf! Pelotas pinchadas.

Pasámolo moi ben. Os maiores aproveitan para esquecerse do traballo e nós os dous pra correr e brincar así que pola noite durmimos coma marmotas, moitas horas e do tirón.

Ohhh! Xa é domingo, día de voltar ás nosas casas. Mañá de recoller e pasear, comer do que foi sobrando e poñernos en marcha.

Kuman está moi nervioso e un pouco tristeiro porque marchamos, pero pagou a pena porque o pasei moi ben.

Agardo que poidamos voltar o vindeiro ano.

**NEREA
VILLASANTE , 6º A
CASILDA
MECÍAS**

COMO É POSIBLE? _____

DEBUXOS: LAURA, 4º B

Esta historia trata sobre un rapaz ao que...

Ben! Xa veredes o que lle pasa.

Todos os días Martín vai ao parque cos seus amigos. Pero un día veu unha ra e foi a collela, pero o que non agardaba e que esta lle dixera:


-Ola!

Martín soltouna de golpe e moi asustado foilles decir aos seus amigos o que pasara.

Eles non lle crían e pensaba que estaba tolo.

Ao seguinte día volveron ao par-

que e Martín andaba a buscar a ra, pero en lugar de iso encontrou un esquío que tamén lle falou e así durante toda a semana. Ía encontrando dende



a ra, o esquío, un rato, un can, un gato, un coello e ata... un lobo!



Cando acabou a semana os seus amigos seguían sen crellle e el levounos a todos ao parque.

Presentoulles a todos os animais e case morren do susto e sorpresa ao mesmo tempo!

Unha vez que se tranquilizaron fixéronse moi amigos dos animais e fixeron un trato: iríanse turnando e cada día un rapaz levaría a un dos animais para casa e así foi. Coidáronos, mimáronos e foron todos amigos para sempre.

**GAEL
PONTÓN, 4º INF.
SANDRA
PONTÓN**

UN GOLFIÑO REBULDEIRO —

Ola! Son Martiño,
un rebuldeiro golfiño.
Vivo no salgado mar
e encántame nadar e bailar.

Salto e brinco sen parar,
ata que a lúa vexo chegar,
entón deixome abalar
polas suaves ondas do mar.

Queres ser o meu amigo?
Sabes que eu te estimo.
Por favor, mantén limpo o mar
para que xuntos poidamos xogar.



MEDRAMOS EN IGUALDADE

**AÍNDA TEMOS POUCOS ANOS,
TEMOS MOITO QUE MEDRAR,
PERO IMOS APRENDENDO
O QUE HAI QUE VALORAR.**



**NON IMPORTA COMO SEXAS,
A TÚA COR, SEXO OU IDADE...
MEDRAMOS NENOS E NENAS,
MEDRAMOS EN IGUALDADE**



**ENTRE HOMES E MULLERES
NON É NINGÚN O MELLOR.
TEÑEN A MESMA IMPORTANCIA
TEÑEN O MESMO VALOR.**



DE MULLERES MOI FAMOSAS,
FIXEMOS CONTOS E CADROS.
DE GLORIA, MARUXA E JULIA
E TAMÉN DE FRIDA KAHLO



ELMER, LOLO E CIRILO,
XUNTO CON ROSA, A ELEFANTE,
CONTÁRONNOS NOS SEUS CONTOS
ALGO MOI IMPORTANTE:



CADA UN É COMO É,
NON TEMOS QUE SER IGUAIS.
GÚSTATE MOITO A TI MESMA,
E GUSTARÁS AOS DEMAIS!!



Meus avós viven na aldea e teñen un can que lle chaman Toni.

Toni é un can moi bo, axúdalle a lindar as vacas, cuídalle das ovellas e acompañaos todos os días.

Un día apareceu na porta da casa outro can que eles nunca viran e déronlle algo de comer e para o outro día volveu vir.

O veciño dos meus avós, Santi, contoulles que á súa casa tamén ía algúns días a comer pero que non sabía de onde viñera, nin de quen era.

Sospeitaban que alguén o abandonara porque era un can de caza, os que levan os cazadores ao monte cando van cazar coellos e resulta que coincidía que naqueles días rematará o tempo de caza.

Como ía todos os días dunha casa á outra e dicían que tiña un andar moi especial, decidiron chamarlle «Chulo».

O máis triste da historia é que a Chulo un día o atropelou un coche porque o animal non estaba afeito a andar pola estrada e non viu o perigo e os meus avós quedaron algo tristes... pero menos mal que tiñan a Toni.



Eu son Mauro. Teño tres anos. Son alto e teño pelo negro, ollos color café e grandes coma pratos. A boca non a teño nin grande nin pequena e, por último, non teño moza.

Na casa da miña avoa hai unha andavía xigante.

-Dásma? -díxenlle eu á miña avoa.

Non -respondeume- Pero...

Entón eu interrumpina e dixen:


-Pero... que?

-Pero teño outra andavía mellor -dixo a miña avoa.

Entón deume outra máis pequena e díxome:

-Gústache esta?

-Siiii!! -exclamei eu- Grazas



Había unha vez un canciño que se chamaba Lucky. Estaba feliz cunha familia ata que o abandonaron porque os seus fillos medraran e xa non o querían.

Daquela comezou a pasar fame e a vagabundear polas rúas. Tiña frío polas noites.

Todo o mundo lle daba patadas, os rapaces tirábanlle pedras e cada vez tiña menos forza e estaba triste.

Un día estaba preto da estrada e viu que unha señora maior estaba a cruzar e viña un coche, así que sacou forzas e púxose diante a ladrar.

A señora decatouse do que fixera o can e colleuno para a súa casa.

Lavouno, doulle de comer e entón xa parecía outro. Púxolle de nome Heroe. Outra vez tiña un fogar con outra familia para ser feliz.



**ÓSCAR
PILLADO, 6º B
TERESA
VILLAVERDE**

NA ILLA DE AROUSA

DEBUXO: CARLA AÑÓN VILELA, 4º A

Vaia fin de semana acabo de pasar!

Foi a primeira vez que viaxei eu só cos meus amigos do equipo á illa de Arousa. Foi emocionante, non só polo que vin, senón polo que me aconteceu.

Despois de pasar a noite no hotel, xunto con outros catro nenos, oímos un ruído un tanto sospeitoso, o cal viña do comedor.



Sabíamos de que se trataba, pero a cousa non pintaba ben. O hotel estaba preto dun sotobosque e decatámonos de que este se movía preto de nós. Á súa vez vimos como un rabo se meneaba entre a follaxe e unhas estrañas luces alumeaban en todas as direccións.

De súpeto berrei:

-Alí está!

Non sabía o que era pero todas as persoas que alí apareceron miraron cara á escuridade.

Preto de nós, chegou a policía, pensando que as desfeitas que había no hotel eran por mor duns actos vandálicos e que entrarían roubar.

Trabucáronse de cheo, xa que aquilo non era obra humana senón animal. Todo quedou en nada e descubrimos que o que había no sotobosque era un xabaril, xunto con toda a súa familia, intentando aproveitar algún alimento.

Desta maneira foi como o comedor aparecera desfeito e cun enorme burato na porta.

Foi unha noite moi angustiada, pero sigo pensando que foi un dos fins de semana máis emocionantes da miña vida.

**CARLOS ELÍAS
BORJA, 6º A
CARLOS BORJA
BARRUL**

AS IRMÁNS PELEONAS

Un día as miñas irmás Yomara e Ariana estaban a ver a loita libre e entón Yomara e Ari decidiron pelexar por dous títulos.

Primeiro entrenaron e entrenaron moitas veces e apuntáronse á loita libre.

Alí pelexaron con moitas rapazas e co paso do tempo estaban na final.

Tiveron que subir por unha escaleira para acadar os dous títulos: dous cinturóns. E conseguíronos.

Entón Yomara dixo que se ía pero a Xefa díxolles que non. Non lles quedou máis remedio que pelexar contra a Xefa.



Ao principio a Xefa ía gañando a Ari pero Yomara entrou no ring e pegoulle unha labazada, pero a cousa non acabou aquí. Apareceron os dous irmáns da Xefa e cascáronlle a Ari e Yomara e entón apareceu Nerea, a curmá de Ari e Yomara, e venceu á Xefa e aos seus dous irmáns. E así foi como Yomara e Ari foron para a súa casa.

**NEREA ARIAS
NOYA, 6º C
ELENA NOYA
ARCOS**

OS TRES GRACIOSOS

DEBUXO: CINTHYA, 4º C


Esta historia vai sobre seis amigos: Luís, Marta, Olga, Marcos, Martín e Carlos.

Era o Día dos Santos Inocentes e eles decidiron ir a unha casa rural no campo, lonxe da cidade, a pasar alí o día.

Cando chegaron, cearon, falaron un anaco e despois foron para a cama.

A media noite Carlos escoitou uns ruídos e ergueuse para mirar o que pasaba.

Ao levantarse decatouse de que faltaban Luís e Marta. Carlos, moi asustado, avisou aos demais e, angustiados, decidiron voltar para a cama, pensando



que cecais despertaran e foran dar un paseíño. Á mañá seguinte seguían sen apareceren Luís e Marta, pero a maiores agora tamén faltaba Martín. Entón Marcos, Olga e Carlos buscáronos por toda a casa. Como na casa non estaban foron buscalos ao bosque.

No bosque atoparon a cadea de Martín, o zapato de Carlos e o calcetín de Luís.

Olga, Marcos e Carlos voltaron para a cidade. Ao entrar na casa para deixar as cousas, alí estaban Martín, Marta e Luís coa cesta posta na mesa e rindo.

Todo fora unha broma do Día dos Inocentes. Vaia susto!

TATIANA
CARRO, 6º B
ANDREA
RODRÍGUEZ, 6º B

QUE BONITO É O AMOR! —

DEBUXO: ANDREA, 4ª C

Un día, nunha escola había unha rapaza que se chamaba Venus.



Na escola había unha asignatura que era de moda e o profesor mandou aos alumnos xuntarse por parellas para facer un debuxo.

O mestre elixiu as parellas e xuntou a Venus co rapaz que lle gustaba. El tamén estaba namorado dela.

Ao día seguinte, cando os rapaces estaban xogando ao fútbol no recreo, o balón desviouse cara a Venus e deulle no pé.

O compañeiro ao que lle gustaba Venus foise desculpar e invitouna ao cine.

Despois de ir ao cine pediulle se quería ser a súa moza e ela dixo:

-Si!!

E foron felices por moito tempo.

**LORENA
MARTÍNEZ, 5ª A
ADRIÁN
MARTÍNEZ**

O SUSTO

Estabamos no verán. Era o día dez do mes de agosto.

Pola noite era a choiva de estrelas de San Lourenzo. Como ía un día estu-
pendo o ceo estaba todo despexadiño,
entón decidimos que esa noite ve-
riamos a choiva de estrelas.

Cando se fixo de noite, dispuxémo-
nos a preparar as cousas. Levamos
unha manta pra deitarnos no chan frío
e poder mirar cara ao ceo.

Xa levabamos alí un pouco tempo
cando comezamos a ver caer al-
gunha estrela.

Para pasar o tempo puxémonos
a falar e a imaxinar cousas, por
exemplo que ¿que pasaría se viñe-
ra un can grande e nos traba? ou
¿se salta un lobo e nos come?...

Estando imaxinando estas cousas, de
súpeto, escoitamos un ruído e quedamos todos ca-




ladiños polo que puidese pasar. Entón a nena máis pequena dixo:

-Ui!. Eu laaaargome!

Ao rematar a frase levantouse para marchar. Alí cerca uns rapaces estaban agachados e, ao levantarse a nena, o rapaz meteulle un bo susto...

A nena comezou a chorar e despois dun bo anaco conseguimos consolala e lle explicamos que fora unha broma.

Todos acabamos rindo, mesmo a nena. Entre as estrelas, o susto e as risas pasamos unha noite de verán estupenda que nunca esqueceremos.



**PAULA RIAL
CASTELO, 5º B
MARINA
CASTELO**

OS CANS LAMBÓNS

DEBUXO: SAMUEL DE YRUEGAS MARTÍNEZ, 4º A

Érase unha vez un can que se chamaba Roque. Roque era un can moi bo, ata que un día a súa dona, Esmeralda, marchou a Inglaterra. Esmeralda tivo que marchar porque ela quería estudar moda e só o podía facer nunha universidade inglesa.

Roque tiña un amigo chamado Pletón. Pletón era o mellor amigo de Roque e Roque o mellor amigo de Pletón.

Un día a señora Gasela lle ía botar de comer e botoulle o seu penso e cando voltou para botarlle auga xa non tiña comida. Gasela sorprendeuse

moito porque era imposible que un can coma Roque puidese comer tanto nuns minutos.

A señora Gasela mirou por todos os lados e non atopou o mínimo gran de penso.

Ao día seguinte volveu pasar o mesmo: Roque comera toda a comida nun plis-plas.

O que pasaba é que Roque e o seu amigo Pletón fixeran un túnel para que o penso se amoreara e así cando estivera cheo comelo entre os dous.

Ao día seguinte a señora Gasela descubriu o túnel do penso, quitouno todo e cegou o túnel con terra.

Ao ver isto Roque díxolle a Pletón:

-Que raro, amigo. O túnel non está cheo.

-Si, amigo. É raro. Imos ver o final do túnel para ver o que hai- dixo Pletón.

Foron mirar e só había ... terra!

E roque dixo:

-Creo que a señora Gasela descubriu o túnel.

-Non creo. -dixo Pletón.

Pero despois oíron falar polo móbil á señora Gasela con Esmeralda.

-O teu can ten un túnel baixo o comedoiro.

-Seino, mamá. Como unha tarde aburríanse díxennelles que fixeran iso. -dixo Esmeralda.

E a señora Gasela retirou a terra do túnel que fixeran os dous cans.



Un día de primavera, meu pai e máis eu decidimos ir de pesca ao río que está preto da nosa casa.

Era un día nubrado e as raiolas apenas asomaban entre as nubes, parecía que se ía botar a cho-ver dun intre a outro.


Papá botou o anzol ao río, pero as troitas non querían picar. Apenas se achegaban escapaban a fume de carozo.

Á terceira tirada picou unha e eu dixen:

-Tira, Tira forte, papá, que se escape a troita!

Cando papá sacou a troita quedamos abraiados. Era unha troita con escamas de cores. Parecía o arco da vella. Pero o máis sorprendente era que falaba:

Soltádeme,
por favor!



-Soltádeme, por favor e concedereivos un desexo!
Nese intre lembreime de que na miña escola tiña un amigo moi enfermo e pensei que o meu desexo sería que se curase o antes posible.

Papá soltou a troita na beira do río e ela marchou a toda présa polo río abaixo.

Ao día seguinte, cando cheguei á escola, vin que había moito balbordo na entrada: Xurxo estaba de volta na escola!

IAGO
CASTRO
CANCELO, 3º A

AS GALIÑAS

DEBUXO: NOA RODRÍGUEZ SOMOZA, 4º A

Ola!... Chámome Iago e vou contar unha historia que me pasou co meu avó Rosendo.

Normalmente os venres (cando non teño entreno de fútbol, nin teño actividades) vou con el a Canzobre, que alí temos animais e a min gústame moito.

Temos un can que se chama Xacomín e gústalle moito xogar e máis pasear, pero ten moita forza e escápame e tenme que axudar o meu avó para aguantalo.

Tamén temos un galo que se chama Pepe e que canta as horas como un reloxo e ademais coida das galiñas, pois o meu traballo é darlles de comer a todos eles e recoller os ovos que poñen as galiñas.

O niño sempre está cheo de ovos pero a min parecía que iso tiña que ser así, ata que fun medrando e me decatei de que o meu avó recollía os ovos pola mañá e colocábaos no niño antes de que fora eu para que estivera sempre cheo.

Toda esta operación tiña unha explicación: as galiñas comían os ovos!!!




Para participar no Euroconcursoazo só tes que ler a revista, cubrir os pasatempos, recortar pola liña e introducir esta folla no monstro azul do recibidor do colexio. O agasallo será... **sorpreza modelo verán 2016**. Rápido e... sorte!

LABIRINTO

Marca os camiños con cores diferentes para unir os elementos que están relacionados.



**O BIGOTE
DE MIMÍ**



**OS SOÑOS
NA GAIOLA**



MANUEL MARÍA



NOME E APELIDOS

CURSO

O ENCRUCILLADO TERRIBLE

Despois de ler a revista, non terás problema en solucionar este encrucillado. Ah, podes pedir axuda. Sorte, de novo!

			1	A							
			2	S							
3				N							
			4	O							
			5	S							
6				A							
7				S							
			8	C							
9				O							
			10	U							
11				S							
			12	A							
13				S							

- 1.- Nome da fada boba.
- 2.- Así estaba o mar onde estaba o golfiño rebuldeiro.
- 3.- Primeiro apelido do escritor Manuel María.
- 4.- O que lle deron de premio a Ian por ser tan valente.
- 5.- Era a nai de Esmeralda e dáballe de comer aos dous cans que fixeron un túnel, Roque e Pletón.
- 6.- Os rapaces e rapazas de 1º C escriben na...
- 7.- Número de graciosos que gastaron unha broma o Día dos Inocentes.
- 8.- Nesta localidade coruñesa pasou a finde rural Laura Verdes.
- 9.- Animal con plumas, de nome Pepe e que canta as horas coma un reloxo.
- 10.- Xesús Manuel usaba a man esquerda. Era...
- 11.- Illa pontevedresa á que viaxou Óscar cos seus amigos do equipo.
- 12.- Nome do amigo de Ana que vive na aldea.
- 13.- Animais que lindaba Toni, o can dos avós.



COÑECENDO A FRAGA DE SISALDE

AO INSTITUTO... A TODO FILISPÍN!!



SEXTO A

CARLOS, ALEJANDRO, JOSEBA, MATIS, NEREA, CARLA, ÁNGEL, DIEGO C., DIEGO V., MIGUEL, IVÁN, CONCHI, A PROFESORA E SARAY IRENE, ANAÍS, NICO, ARTAI, NICKI, SARA E MIGUEL, O PROFESOR.

SEXTO B

ALBA, SORAYA, XAVIER, YERAY, ÁLEX, PABLO, ANTONIO, O PROFESOR, ÓSCAR E BILAL.
PAULA, TATIANA, NEREA, ANDREA R., AROA, ANOUILLÁN, ANDREA Z., HUGO, ENRIQUE E ANDRÉ.



SEXTO C

JARA, NATALIA, ANDRÉS, EDUARDO, VALENTÍN, DYLAN, NAIMA, FRANCO E AARÓN
UXÍA, ESTELA, REBECA, DANI, NEREA, CHRISTIAN, KETELY, DESIRÉE E SUSANA, A PROFESORA (FALTOU SAMUEL)



4º DE INFANTIL: OS NOVOS



4º DE INFANTIL

MARTÍN, SAMUEL, VALERIA, AROA, MAYRA, YAIZA, DENIS, ANTÍA, ZAIRA, ANTÓN, VEGA, NIKO, GAEL, ANA, DAIDA, NEREA, DANIEL, LÍA, CANDELA, XURXO E AS PROFES MONTSE E RAQUEL. (FALTABAN LUCÍA E ESTELA)



EQUIPO DINAMIZACIÓN
DA LINGUA GALEGA

MONTSE SOUTO
PATRICIA BAO
JULIO PEDROSA
Mª CARMEN IGLESIAS
ARMANDO X. HERRERO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ARTEIXO